

Acta da reunión do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis E.
Blanco Fernández, Yolanda
Burguillo Rial, Juan C.
Caciro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe J.
Gil Solla, Alberto
Herrería Alonso, Sergio
Llamas Nistal, Martín
López Ardao, José C.
López Bravo, Cristina
López García, Cándido A.
López Nores, Martín
Mikic Fonte, Fernando A.
Pazos Arias, José J.
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Hernández, Pedro S.
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Rodríguez Varela, Diego
Santos Gago, Juan M.
Sousa Vieira, María E.
Suárez González, Andrés
Zulaica Iglesias, Olivia

ESCUSAN ASISTENCIA

Díaz Redondo, Rebeca P.
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Vilas, Ana
Rodríguez Rubio, Raúl F.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática de 3 de maio de 2016, convocada para as 10:30 horas en primeira convocatoria e para as 11:00 horas en segunda convocatoria na sala de xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O martes 3 de maio de 2016 ás 11:04 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, de actas anteriores

Apróbase, por asentimento, a acta do día 10 de decembro de 2015.

2. Informe do Director

O director informa dos cambios que pode provocar a aprobación da actual RTP do PAS e das reunións que se están levando a cabo entre os directores con parte do equipo reitoral.

3. Aprobación, se procede, do POD para o curso 2016-17

O profesor D. Fernando Ariel Mikic Fonte intervéen para solicitar que se modifique o acordo actual de elaboración do POD co fin de conseguir unha maior estabilidade ano a ano da asignación docente individual. Xorde un breve debate no que os participantes amosan a súa vontade de chegar a un novo acordo.

Tras unha votación apróbase por 11 votos a favor, 1 en contra e 12 abstencións o POD presentado e delegar na Comisión Permanente a aprobación daqueles cambios con consenso dos implicados que se poidan levar a cabo para axusta-la dedicación dos diferentes docentes.

4. Delegación na Comisión Permanente do reparto dos despachos docentes baleiros

Apróbase por asentimento repartir na vindeira Comisión Permanente os despachos baleiros entre os solicitantes dando prioridade ós solicitantes por categoría e antigüidade na praza. De quedar novos despachos baleiros, estes repartiranse con mesmos criterios en sucesivas convocatorias de dita comisión.

5. Asuntos de trámite

Non hai.

6. Rogos e Preguntas

O profesor D. Enrique Costa Montenegro solicita a instalación de lectores de pegadas dactilares na porta do seminario e da secretaría do Departamento.

O profesor D. Manuel Ramos Cabrer pregunta acerca de calquera información que se poida proporcionar acerca do plan de evacuación. O subdirector informa de que se está a espera de cambios e de máis información por parte do servizo de prevención de riscos laborais, e que esta será proporcionada cando sexa recibida.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11:37 horas do día 3 de maio de 2016, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto bo do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Jorge García Duque

Miguel Rodríguez Pérez